

Texto: **GILLES TIBO**
Ilustracións: **LUC MELANSON**
Tradución: **EMMA LÁZARE**

Encadernado en cartón. 26,3x26,3 cm.
38 páxinas a toda cor
Dispoñible en:

- Galego: "A gran viaxe do Señor M."
ISBN 978-84-8464-672-3
- Castelán: "El gran viaje del Señor M."
ISBN 978-84-96388-37-6

Prezo: 15 €



A GRAN VIAXE DO SEÑOR M.

Tras a morte do seu neno, o Señor M. abandonou todo. Só gardou un osiño de la, e unha cadeira para viaxar. Na estación, o Señor M. mercou un billete, só de ida, para calquera sitio. Viaxaba sentado sobre o último vagón.

PREMIO DO GOBERNO DE CANADÁ AO MELLOR LIBRO DO ANO 2002

A ausencia, a dolor da perda, a soidade... sentimentos que transmite a figura do Señor M. e que trata de mitigar facendo unha errática viaxe polo mundo; unha viaxe que lle vai descubrindo a importancia das pequenas cousas: un sorriso, un solpor... Pero nesa viaxe, que se pode interpretar igualmente como unha viaxe interior, descobre ademais o sufrimento alleo que padecen as vítimas inocentes da guerra e da destrución. Un libro que transmite melancolía, mais tamén esperanza.

As ilustracións envolven de dozura o relato, con cores suaves e trazos esquemáticos, pouco definidos. En conxunto, resulta un libro que transmite delicadeza polo seu tratamento do fenómeno da morte e do dó, que reflicte estados de ánimo humanos e llos transmite ao público infantil con naturalidade. Non falta o toque poético das imaxes, expresivas e cheas de vida.


GILLES TIBO

Adicouse á ilustración durante 25 anos, coa publicación en 1970 dun álbum de cómic, faceta que cambiou pola de escritor de libros para público infantil. Pola súa obra literaria recibiu varios galardóns, como o Premio Alvine-Bélisle en 2002 ao mellor libro do ano.

LUC MELANSON

Licenciado en Deseño Gráfico pola Universidade de Québec. Durante os últimos 12 anos adicouse á ilustración, cun estilo propio que se caracteriza polos debuxos de acrílico e pastel. Traballa para editoriais e revistas de Canadá, Estados Unidos e Francia. A súa

obra recibiu varias distincións por parte de entidades oficiais e publicacións como as revistas 'Applied Arts' e 'Communication Arts'.



- **Temática:** o baleiro que deixa a perda dos seres queridos e a esperanza como ponte ao futuro
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** Mellor Libro do ano 2002 en Canadá; relato poético e ilustracións de tons suaves
- **Aplicacións:** tratamento da morte, o dó, o desacogo interior; mensaxe positiva sobre o sentido da vida; as consecuencias da guerra; álbums recomendados: "Non é fácil pequeno esquiño", "O neno que aprendeu a voar", "A caricia da bolboreta", de KALANDRAKA, que tamén abordan o tema da morte